



Ás veces semellan alfombras ou mosaicos; ben conservadas poden durar moitos anos e os seus deseños son especiais.

## As baldosas hidráulicas

### 64. Que son?

Malia que non moi antigas, son baldosas realizadas con procedementos aínda artesanais, utilizando cementos coloreados e guías para definir infinidade de motivos decorativos. Atópanse, habitualmente, nos portais dos edificios e nalgúns cuartos das vivendas, como as cociñas, os corredores ou os baños. Hoxe seguen a fabricarse pero o seu prezo é moi alto, similar á utilización de mármores preciosos.

### 65. Merecen coidarse?

Antes da aparición das baldosas cerámicas que vemos hoxe en cociñas ou baños, as baldosas hidráulicas eran, xunto coas de barro, pedra ou lousa, o único recubrimento dispoñible diferente da madeira. Polo seu interese, durabilidade e xeral bo estado dos pavimentos que aínda se poden atopar, paga a pena facer o posible por conservalas. Farán, por exemplo, do noso portal un lugar especial.

### 66. Como se recuperan?

A diferenza das modernas baldosas cerámicas ou de gres empregadas hoxe nos baños e cociñas, as baldosas hidráulicas pódense abrillantar, empregando a mesma técnica que se usa para os terrazos ou os mármores. Esta operación poderase realizar varias veces ao longo da vida útil das baldosas, mentres non se consuma a capa de cemento coloreada da superficie, que adoita ter uns milímetros de grosor.